MATEMÁTICAS	MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.	Probas escritas. Probas orais. Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.	Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	Probas escritas. Caderno.
MATEMÁTICAS	MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e	Probas escritas.

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
	superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	Caderno.
MATEMÁTICAS	MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	Probas escritas. Probas orais. Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.	Probas escritas. Caderno.
MATEMÁTICAS	MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).	Probas escritas. Probas orais. Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	Probas escritas. Probas orais. Caderno. Observación sistemática. Rúbrica
MATEMÁTICAS	MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.	Probas escritas. Probas orais. Rúbrica Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.	Observación sistemática
MATEMÁTICAS	MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.	Caderno.
MATEMÁTICAS	MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas	Probas escritas. Probas orais. Rúbrica. Caderno. Observación sistemática. Producción escrita e oral.
MATEMÁTICAS	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.	Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB5.4.1. Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
MATEMÁTICAS	MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.	Probas escritas. Probas orais. Rúbrica Caderno. Observación sistemática.
MATEMÁTICAS	MTB5.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	Caderno. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.1.1. Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.	Observación sistemática.

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.1.3 Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoo de manifesto asertivamente.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.2.1. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.2.2. Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	Producción escrita e oral. Observación sistemática. Traballo en grupo.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.3.2. Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.4.1. Propón alternativas á resolución de problemas sociais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.5.2. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.6.3. Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oíe.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	Producción escrita e oral. Observación sistemática. Traballo en grupo.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	Observación sistemática. Traballo en grupo.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.3.2. Autoafírmase con respecto.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.4.1 Infíre e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.4.2. utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo,	Observación sistemática.

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
CIVICOS	resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.	
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.5.1. Interacciona con empatía.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.5.2. Sabe contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.6.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Producción escrita e oral. Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.1. Explica o concepto de norma.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.2. Infíre a necesidade das normas da súa comunidade educativa	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.5.1. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun	Observación sistemática.

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
	mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.	
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.10.1. Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.11.1. Axuiza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.	Observación sistemática. Producción escrita e oral.

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.	Non.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.16.2. Analiza e enxúza criticamente os contidos do contorno dixital.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.	Observación sistemática.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.	Observación sistemática. Produción escrita e oral.

06. Metodoloxía.

A introdución das competencias no currículo ten por obxectivo que os nosos alumnos e alumnas sexan quen de poñer en práctica, en diferentes contextos e situacións, tanto os coñecementos adquiridos como as habilidades desenvolvidas durante a súa estancia no centro educativo. Isto implica que a metodoloxía empregada debe:

- ✦ Posibilitar a funcionalidade das aprendizaxes en diferentes contextos e que poidan enfrontarse a situacións novas.
- ✦ Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
- ✦ Favorecer o traballo grupal, o compromiso democrático e a resolución de conflitos.
- ✦ Permitir ao alumnado moverse na sociedade da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da mesma.

Tendo en conta isto, establécense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partirase do nivel psicoevolutivo do alumnado e do seu nivel de coñecemento, a través de avaliacións iniciais de curso e en cada unidade didáctica.
- Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- No momento en que a situación epidemiolóxica o permita levaranse a cabo a introdución nas estruturas de aprendizaxe cooperativa, xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potencian a inclusión do alumnado.
- Estableceranse propostas que activen ao alumnado, promovendo a súa curiosidade e motivación de cara á investigación de temas relacionados cos contidos a traballar, a experimentación e a resolución de problemas que lle permitan ser conscientes de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

Ademais, realizaranse tarefas integradas onde o alumnado faga un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

As linguas terán un tratamento integrado. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, é evidente que cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos que serán abordados de maneira parella, algúns presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas.

Os titores reforzarán o uso e manexo da plataforma EVA nos primeiros meses de curso. O cal, lle abrirá un amplo abano de posibilidades ao alumnado á hora de organizar e xestionar o seu tempo de traballo. Todo isto, contribuirá a mellorar a súa autonomía e competencia dixital.

Ademais, cabe destacar o papel da axenda escolar, que pretende ser unha ferramenta que axude ao alumnado a planificar o traballo. Será, igualmente, unha canle de comunicación entre familias e profesorado, pretendendo a implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe.

07. Procedementos de avaliación.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia dinos que esta debe ser continua e global, e ter en conta o progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

Deste xeito, a avaliación é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales son os seus principios e as súas modalidades máis convenientes.

Principios da avaliación.

O proceso de avaliación rexerese segundo os seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.

- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (feed-back).

Modalidades de avaliación.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes modalidades:

Avaliación inicial do alumnado.

Ademais da información recibida obtida no expediente escolar, o novo profesor titor aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e á súa adecuación ás súas características e o seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

Avaliación continua

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada un dos cursos do ciclo de xeito colexiado e será coordinada polo seu profesor titor.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de abril, e a última no mes de xuño.

En cada sesión de avaliación que celebren os equipos docentes, da que o titor levantará unha acta, intercambiarase información e adoptaranse os acordos e decisións que se considere sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado

orientadas á súa mellora, e realizarase igualmente unha valoración dos resultados derivados destes acordos. Igualmente acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, a súa nai ou os seus titores legais.

Avaliación final

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, o equipo docente, tendo en conta os mínimos esixibles que figuran nos correspondentes currículos de cada curso, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a á seguinte etapa. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

O profesor titor do alumnado citará individualmente aos representantes legais aos que informará sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión sobre a non promoción ao ciclo seguinte. Esta información referirase aos obxectivos establecidos no currículo para as distintas áreas e aos progresos e dificultades detectados no grao de adquisición das competencias básicas e na consecución dos obxectivos de cada unha das áreas.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio á integración, aplicará os criterios de avaliación que fose establecido nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias claves adquiridas. O devandito informe será elaborado polo equipo docente, de acordo co establecido, a tales efectos, pola consellería competente en materia de educación.

08. Criterios de cualificación.

ÁREAS		%	INSTRUMENTOS
MATEMÁTICAS	Probas obxectivas	70%	Controis orais Controis escritos
	Traballo diario	20%	Observación sistemática Caderno Fichas Intervencións na aula Tarefas Edixgal
	Actitude	10%	Rúbrica
LINGUA CASTELÁ LINGUA GALEGA	Probas obxectivas	70%	Controis orais Controis escritos
	Traballo diario	20%	Observación sistemática Caderno Fichas Intervencións na aula Tarefas Edixgal
	Actitude	10%	Rúbrica
CIENCIAS NATURAIS CIENCIAS SOCIAIS	Probas obxectivas	70%	Controis orais Controis escritos
	Traballo diario	20%	Observación sistemática Caderno Fichas Intervencións na aula Tarefas Edixgal

	Actitude	10%	Rúbrica
EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA	Traballo diario	70%	Observación sistemática Láminas Traballos
	Actitude	30%	Rúbrica
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	Traballo diario	70%	Observación sistemática Caderno de traballo. Intervencións na aula.
	Actitude	30%	Rúbrica

****Non se recollerán nin cualificarán as tarefas entregadas fóra de prazo.***

**** No caso de non poder realizar unha proba obxectiva na data fixada o alumno/a realizaraa o que se incorpore.***

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

9. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Ao inicio do curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referente á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

Levarase a cabo unha avaliación inicial baseada nos seguintes aspectos:

- Análise dos informes redactados o ano anterior, para determinar as principais dificultades do grupo para este curso, e así atallalas coa maior brevidade posible.
- Avaliación dos estándares de aprendizaxe imprescindibles do curso anterior, a través de actividades de:
 - Comprensión lectora.
 - Expresión escrita.
 - Ditado.
 - Gramática.
 - Xogos e dinámicas de presentación para valorar a expresión oral.
 - Operacións básicas de cálculo.
 - Resolución de problemas.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias, para identificar expectativas, actitudes cara o traballo ou situacións familiares determinadas que poidan afectar ao seu desenvolvemento no día a día na escola, para adaptar a programación da aula ás circunstancias concretas do noso grupo.

A partir desta avaliación identificaranse en que estándares de aprendizaxe existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos ou alumnas para a elaboración das medidas oportunas, como poden ser:

- Apoio na aula por parte doutro mestre/a do centro.
- Reforzo educativo.
- Apoio dentro ou fóra da aula de especialistas en Pedagogía

Terapéutica ou Audición e Linguaxe.

- Adaptación curricular.

Área de matemáticas.

NOME DA ALUMNA/O:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE MATEMÁTICAS	SI	CON DIFICULTADE
Conta, le, descompón, escribe e compara números ata as centenas de millón, coñecendo o seu valor.		
Realiza operacións de suma, resta, multiplicación e división.		
Resolve problemas que conteñan varias operacións relacionadas coa vida cotiá.		
Coñece as figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo, círculo,... e calculan as súas áreas.		
Coñece o valor posicional de cada dígito (m,c,d,U,D,C,UM,DM,CM,UMM,DMM,CMM).		
Coñece as escalas de medida de capacidade, masa e lonxitude.		

Área de lingua castelá e literatura.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DA AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ	SI	CON DIFICULTADE
E		

LITERATURA		
Le e comprende textos orais e escritos sinxelos con vocabulario axeitado á súa idade, coa entoación e ritmo adecuados.		
Expresa de forma oral experiencias, sentimentos, vivencias e responde preguntas de forma coherente.		
Capta o sentido global de textos orais de uso habitual, identificando a información máis importante.		
Redacta textos breves con grafías axeitadas e puntuando adecuadamente.		

Área de lingua galega e literatura.

NOME DO/A ALUMNO/A:			
INDICADORES	DA	SI	CON DIFICULTADE

AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Le textos breves con entoación e ritmo adecuados.		
Expresa opinións e sentimentos de forma coherente na súa forma oral e escrita.		
Comprende e redacta textos sinxelos con grafías axeitadas e puntuando adecuadamente.		
Diferencia nunha oración o suxeito e o predicado.		
Coñece o abecedario.		
Entende a retranscrición presente nos textos escritos en galego		

Área de Ciencias Naturais.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS	SI	CON DIFICULTADE
Coñece as funcións vitais do corpo.		
Coñece as diferencias entre as células animais e vexetais.		
Distingue hábitos saudables dos non saudables na alimentación.		
Diferenza entre seres vivos e seres inertes e coñece a clasificación dos seres vivos.		
Identifica algunhas características dos grupos dos seres vivos.		
Clasifica animais segundo tipos de reprodución e alimentación.		
Que fontes de enerxía coñeces?		
Diferenza entre máquinas simples e compostas?		

Área de Ciencias Sociais.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS	SI	CON DIFICULTADE
Valoran o seu contorno facendo un uso respectuoso dos seus recursos naturais (recicla xe, uso da auga...)		
Recoñecen datos do lugar onde vive.		
Recoñecen algunhas normas de educación vial.		
Coñecen e identificar no mapa as Comunidades Autónomas de España.		
Coñecen os elementos básicos do relevo de Galicia e España.		
Coñecen as distintas épocas da historia e os feitos que as delimitan.		
Coñecen as distintas actividades laborais que comprenden os sectores primario, secundario e terciario.		

10. Medidas de atención a diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

No que respecta á atención á diversidade, compártese a consideración de que son as estruturas pedagóxicas, organizativas e de xestión as que deben adaptarse ás distintas características do alumnado, e non ao revés. Así, trátase de poñer ao alcance dos nenos e nenas e das súas familias, os recursos necesarios para abordar o proceso de ensino – aprendizaxe da mellor forma posible.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polo principio de normalización e inclusión, e asegurará a súa “non discriminación” no sistema educativo.

Tal e como determina o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, atender á diversidade non se refire unicamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), senón que fai referencia a todo o alumnado, polo que se levan a cabo unha serie de medidas, priorizando sempre as medidas ordinarias fronte ás extraordinarias.

Os titores, tras facer as avaliacións iniciais, se detectamos algún problema nos nosos alumnos/as, solicitaremos a intervención do Departamento de Orientación (DO), co fin de valoralos.

Con diagnose de TDAH hai varios casos nas dúas aulas, dous en 6ºA e un en 6ºB, polo tanto seguiremos e aplicaremos o Protocolo de consenso de TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario da Comunidade de Galicia. En 6ºA tamén se desenvolverá o Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo xa que un alumno está diagnosticado con TEA.

Deste xeito, levaranse a cabo recursos e estratexias de intervención educativa adaptadas ao neno para acadar os obxectivos das distintas ensinanzas.

Medidas ordinarias:

Empregaranse estratexias que garantan a atención á diversidade da aula, como:

- Adaptación da práctica educativa á competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe de cada un.
- Modificación dos tempos nas actividades, dos instrumentos ou procedementos de avaliación ás necesidades de cada neno ou nena.
- Adecuación das actividades e da metodoloxía ás diferenzas individuais do alumnado, contando con actividades de reforzo e ampliación.
- Variación nos agrupamentos en función da tarefa: traballo individual, parellas, grupos cooperativos, gran grupo ou titorización entre iguais.
- Reforzo educativo e apoio por parte dos titores no seus respectivos cursos.

Medidas extraordinarias:

Unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario, pode valorarse a posta en práctica de medidas extraordinarias.

As medidas extraordinarias que se poderían adoptar, se fose necesario, son:

- Adaptacións curriculares.
- Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento académico.

En definitiva, trátase de posibilitar a inclusión en todas e cada unha das tarefas, tendo sempre en conta as necesidades do alumnado, variando as actividades propostas e ofrecendo todas as posibilidades que nos ofrece a Administración, atendendo á modificación de distintas variables no proceso de ensino-aprendizaxe que poden contribuír a un mellor aproveitamento da experiencia escolar.

DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

O Concello de Lousame ten unha poboación rural dispersa, o que dificulta que todos os fogares teñan unha boa conexión a Internet, cos prexuízos que isto ocasiona para moitas familias.

Deste xeito é inviable propoñer clases telemáticas, xa que a fenda dixital se agravaría. Este é outro dos motivos polos que este curso decidimos secuenciar as actividades e traballos de forma semanal, no caso de actividade non presencial, posto que do contrario produciríase unha desvantaxe entre o alumnado.

11. Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS COMO CONTIDO DE CARÁCTER TRANSVERSAL

A educación en valores democráticos constitúen unha serie de contidos que deberán integrarse e desarrollarse en todas as áreas do currículo:

- Educación para a tolerancia, para a paz.
- Educación para a convivencia.
- Educación intercultural.
- Educación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Educación ambiental.
- Educación para a promoción de saúde.
- Educación sexual.
- Educación do Consumidor.
- Educación vial.

Educación do Consumidor

Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes cunha ~~metodoloxía creativa e práctica, establecida en torno á experiencia persoal, que~~
CPI CERNADAS DE CASTRO PR2021_2022 EP6º. Páx. 128

mostre os factores relacionados e implicados na actividade diaria, e de establecer comportamentos críticos e responsables en materia de consumo. Comprende distintos temas:

A publicidade: recoñecemento desta e análise, crítica e elaboración de anuncios en clase. Traballárase fundamentalmente no terceiro ciclo.

A alimentación: coñecer os procesos de produción e comercialización do produto, identificar as etiquetas e realizar unha compra equilibrada.

A vivenda: crear condutas que contemplan o uso correcto dos enseres e espazos da vivenda, o emprego de produtos domésticos que poidan resultar perigosos, e analizar o proceso de compra ou aluguer.

Xogos, xoguetes e material escolar.

Ecoloxía e consumo: coñecer a incidencia do consumo no medio ambiente, as técnicas de reciclaxe e favorecer hábitos de aforro.

O diñeiro, os bancos e a compra: relacionar tipos de moedas, aforro, análise do proceso de compra, manexar pequenos orzamentos...

Os servizos públicos. Coñecer os servizos públicos.

Saúde e seguridade. Medidas de precaución para evitar accidentes e minimizar os riscos. Uso correcto do material e do propio corpo. Hábitos de hixiene, de alimentación.

Lecer e tempo libre: valorar formas de tempo libre como a lectura e o xogo, dosificar o uso da televisión,...

Educación Ambiental

A través do coñecemento activo do contorno e de forma gradual implícase aos alumnos e alumnas na conservación e respecto do medio, formando unha

mentalidade crítica e participativa, responsabilizando ao alumno dentro das súas posibilidades na preservación dos recursos. Pretendemos conseguir a creación de hábitos e actitudes con respecto á actuación individual no contorno.

Educación Moral e Cívica

Discusión de dilemas morais: baséase na discusión de breves historias que entrañen un conflito de valores, co cal o alumno crea argumentos e dúbidas ao redor dos valores propios, para restablecer o equilibrio de valores nun nivel de xuízo moral superior.

Clarificación de valores: trátase de suscitar ao alumno unha revisión dos seus conceptos, crenzas e valores para conseguir que reflexione achega dos mesmos. Acódese para iso a unha lista de frases inacabadas ou a un conxunto de preguntas pechadas que obriguen ao alumno a expresar o seu punto de vista.

Educación para a Paz

A metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de educación na aula, potenciando a tolerancia, o intercambio de puntos de vista, a participación. Con este fin facilitarase a idea de paz positiva. Empregaremos diversas técnicas de cooperación e de participación, e recorreremos ás seguintes actividades:

Estudo de casos.

Técnicas de clarificación de valores.

Análise de conflitos.

Xogos de rol.

Xogos de simulación.

Educación para a Saúde

Este tema reflíctese nunha referencia continua a prácticas que se consideran saudables, complementando toda actividade de aprendizaxe con hábitos que conlleven a comprensión e coidado da saúde, tanto no que se refire á asimilación dos conceptos, como na posta en práctica de actitudes e na realización de determinados procedementos en cada momento da vida da comunidade escolar.

Os núcleos de elaboración destes contidos son principalmente:

- Seguridade, prevención de accidentes e primeiros auxilios.
- Educación vial.
- Coidados persoais: higiene e saúde.
- Alimentación saudable.
- Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias.
- Prevención e control de enfermidades.
- Relacións humanas. Saúde mental. Afectividade e sexualidade.
- Os servizos sanitarios e a petición de axuda.
- Medio ambiente e saúde.

Educación para a Igualdade de Ambos Sexos

Este tema transversal é unha constante no desenvolvemento de todas as áreas e traballárase nos tres ciclos, fomentando a igualdade de oportunidades.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais que tentan conseguir sociedades máis modernas, xustas, democráticas e igualitarias. É por iso, que debemos formar os nosos alumnos/as dun xeito comprensivo, armónico e integral para que sexan capaces de desenvolver a súa vida respectándose a si mesmos, ós demais e responsabilizándose dos seus actos.

Se partimos da idea de que CONVIVENCIA é compartir vivencias xuntos, isto lévanos dende a familia primeiro ata os centros educativos, para acabar na sociedade en xeral.

Nesta tarefa está implicada toda a comunidade educativa: pais, mestres, alumnado, persoal non docente... cun único obxectivo final: mellorar a convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa.

Para acadar unha mellora da convivencia teremos en conta os seguintes obxectivos:

Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as tanto dende o punto de vista persoal, como no relativo ás estratexias de aprendizaxe, e á motivación, ós intereses, ás relacións persoais... co único fin de producir as respostas educativas adecuadas.

Desenvolver accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e a súa interacción cos demais.

Favorecer a formación integral do alumnado tendo en conta os principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz cara a participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.

Promover a participación e implicación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas no que demanden e precisen, facéndolle ver a importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

Para levar a cabo todo isto desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Levaremos a cabo as accións prevista no plan de acollida nas transicións de etapa, na incorporación de nenos/as ó grupo.
- Revisarase o expediente persoal de cada alumno/a para un previo coñecemento da súa realidade.
- Estableceremos un horario semanal de atención ás familias.
- Atenderanse e orientaranse as diferentes inquietudes do alumnado.
- Informarase ó alumnado e ás familias, ao comezo do curso sobre a vida do centro e as normas que figuran nas NOF e na PXA: normas de funcionamento, horarios, coidado das instalacións, normas de convivencia, horarios de titorías, actividades complementarias e extraescolares, etc.
- Asesorarase ás familias en canto o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos/as.

12. Accións de contribución ao Plan TIC do centro.

Un dos obxectivos da Educación Primaria é Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Ao longo do curso utilizaranse as Tic dun xeito integrador en tódalas áreas de coñecemento, grazas a participación no programa Edixgal, e atendendo a consecución das competencias clave do tratamento da información e a competencia dixital que se sinalan en cada unha delas.

Os obxectivos para introducir as tecnoloxías da información e da comunicación serán os seguintes:

- Traballar coa plataforma EVA.
- Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.
- Coñecer os distintos tipos de transmisión da información e dos posibles soportes.
- Utilizar diversas estratexias para acceder á información adecuada, á fonte a cal se acude e ao soporte que se utilice (audiovisual, dixital, multimedia, oral,...)
- Dominar a linguaxe específica básica (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) das TICs.
- Saber rexistrar, organizar, analizar a información sabendo diferenciar a que ten rigor e a que non.
- Coñecer mecanismos de seguridade na rede e potenciar un uso responsable dos recursos que se poñen ao noso alcance.
- Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como un instrumento de traballo intelectual, coñecendo o uso do procesador de textos ou como método de presentación de traballos.
- Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas.
- Analizar e coñecer as características da publicidade. Saber utilizar o correo electrónico para comunicarse. Saber buscar en Internet de forma

guiada.

13. Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro.

Obxectivos xerais

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Educar no uso práctico e crítico da información.
- Fomentar o hábito lector.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

Obxectivos concretos

- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe.
- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, CD-ROM, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...
- Ensinar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.
- Conseguir unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos.

- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar e de aula, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Diseñar actividades de alfabetización informacional e educación documental.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

Actividades previstas

1. Lectura dun libro escollido pola mestre.

- Farase unha lectura compartida, en alto e por fragmentos.
- Despois realizarase a lectura silenciosa e individual de ditos fragmentos.
- Buscarase no dicionario as palabras descoñecidas.
- Preguntarase ao alumnado sobre o contido do fragmento lido.
- Proporase a realización dun traballo de carácter voluntario e tema e formato libre en relación co libro.

2. Lecturas individuais

O alumnado fará uso dos fondos da biblioteca escolar, da biblioteca de aula e dos seus propios libros para levar a cabo lecturas individuais.

Por outra banda, co obxectivo de fomentar a lectura e con carácter voluntario, os/as alumnos/as poderán realizar actividades de diversa índole; a destacar:

3. Uso das TIC`s

Buscarase información en Internet relacionada con determinados contidos. Proporase, de maneira voluntaria, a realización de vídeos-reseña dos libros lidos ao longo do curso que se publicarán nun espazo virtual relacionado co proxecto lector.

Este ano no 2º trimestre traballarase coa plataforma **FICTION EXPRESS**, unha plataforma de lectura interactiva creada para mellorar a competencia lectora a través da participación.

4. Fichas bibliográficas

Realizaranse as fichas bibliográficas dos libros que conforman a biblioteca de aula, do centro ou dos seus propios libros.

5. Xornais

Buscarase información en diversos xornais co fin de comprender a súa composición e o seu funcionamento.

6. Dramatizacións

Dramatizaranse fragmentos de obras de distintos autores ao longo do curso.

7. Poesía

Leranse fragmentos ou libros de poesía de forma individual ou colectiva. Proporase a participación en concursos literarios coa elaboración de poesías.

Temporalización das actividades

O tempo adicado a actividades de lectura específicas en educación primaria é, como mínimo, 25 minutos diarios despois do recreo, na aula.

Tempo mínimo diario para a lectura

Cada día dedicaranse 25 minutos a desenvolver as actividades contempladas no PLC , tanto en galego como en castelán.

Ademais empregaremos un mínimo de 30 minutos diarios na lectura que faremos durante as sesións correspondentes ás diferentes materias.

A isto haberá que engadir o tempo que cada alumno invista na súa casa para realizar as lecturas persoais escollidas por el e polo mestre.

Prácticas de comprensión, fomento da lectura e da escritura.

De comprensión:

- Despois da realización da lectura colectiva, realízanse actividades enfocadas a aprender a comprender; os alumnos responderán e farán os comentarios pertinentes respectando sempre a quenda de palabra.
- Identificación do tema e das ideas principais.
- Análise dos feitos ocorridos, dos personaxes, interpretación e comentarios persoais.
- A lectura individual aprenderase a facela en silencio e recorrendo ao dicionario para buscar as palabras significativas que descoñecen.

De fomento da lectura:

- Realización de lectura colectiva como instrumento para perfeccionarse e así adquirir seguridade.
- Práctica de lectura individual. Cando a impresión causada por unha lectura sexa positiva, o alumno expoñerá ante os seus compañeiros as

súas opinións sobre o libro en cuestión e desta maneira animar ós outros a realizala.

- Ademais trataremos de potenciar o gusto e desfrute da lectura promovendo no alumnado a escolla de libros que lle resulten atractivos para que lean na casa.

De fomento da escritura:

- Na escritura traballarase a caligrafía e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta.
- A través da realización de escritos, os alumnos poderán observar os seus progresos e apreciar a importancia do seu esforzo.
- Expresar por escrito as súas vivencias.
- Facer resumos das lecturas que lemos na clase.
- Cambiar partes das historias por outras posibles.
- Elaborar diarios de lecturas, onde cada alumno vai recollendo as impresións que lle suxiren as lecturas dos libros que se len ó longo do curso na escola e na casa.
- Inventar historias, poemas, noticias,...
- Facer redaccións sobre diferentes temas.

Recursos

Utilizaranse os seguintes soportes: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, CD-ROM, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...

Avaliación do Plan Lector

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Crear e desenvolver o hábito lector.
- ~~Adquirir técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.~~

- Desenvolver unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Utilizar a biblioteca escolar, seguindo o protocolo COVID, como un espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, Internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o curso, 6º de E.P., contribuírase á adquisición dos obxectivos do Proxecto Lingüístico, levando a cabo unha serie de actividades, tales como:

- Lectura de diferentes textos en galego.
- Elaboración de murais.
- Debates de aula utilizando correctamente a lingua galega.
- Participación nas distintas conmemoracións, tanto de forma oral como escrita.
- Redacción de documentos utilizando un vocabulario axeitado.

14. Actividades de reforzo/ recuperación.

Avaliación e recuperación son dous conceptos estreitamente vinculados. A avaliación achéganos datos sobre a evolución do alumno no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esixe a recuperación cando eses datos non son satisfactorios.

Polo tanto, é esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo – coñecementos insuficientes nunha área determinada- ou afectivo –falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar- . Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e terá un carácter retroactivo completando e afondando naqueles baleiros que se consideren básicos –con fichas de práctica ou reforzo que melloren as súas competencias-, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe ou as estratexias metodolóxicas, modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Se estas actuacións non frutifican será conveniente solicitar o asesoramento do departamento de orientación co fin de reorientar o labor

docente cara outras estratexias ou sopesar a posibilidade de recibir apoio por parte dun docente especialista.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperado, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo positiva.

Durante o desenvolvemento dos contidos, prestarase especial atención aos alumnos/as que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa.

15. Materiais didácticos incluídos os libros de texto.

Materiais utilizados polos mestres-titores:

- Libro do alumno.
- Plataforma EVA.
- Cadernos.
- Fichas de elaboración propia.
- Libros de lectura persoais dos alumnos.
- Libros da biblioteca.
- Dicionarios.
- Revistas,xornais, páxinas web, blogs,...

- ~~CD e DVD.~~

- Ordenador da aula.
- Programas educativos interactivos.
- Pizarra dixital.
- Fichas, murais, carteis,...
- Material recollido na natureza (follas, flores, rochas,...).
- Material funxible (papel vexetal, ceras,...).
- Fotografías, vídeos...
- Monedas e billetes.
- Instrumentos de medida de peso e de volumen.
- Instrumentos de medidas de ángulos.
- Calculadora.
- Gráficos e táboas de datos.
- Cinta métrica e metro.
- Mapa de estradas.
- Regra, escuadra, cartabón, compás e semicírculo.
- Cartolinas, tesoiras e rotuladores.

- Xogos da aula.

16. Actividades complementarias e extraescolares.

Ao longo do curso escolar levaranse a cabo unha serie de actividades complementarias e extraescolares nas que participará o alumnado de sexto curso de E.P., tales como:

- Asistir a charlas informativas por profesionais que completarán a formación do alumnado (perigos de Internet, sustancias nocivas para a saúde...).

- Asistir a actividades teatrais ofertadas para a animación á lectura.

- Participar en actividades complementarias ofertadas polo centro.

- Actividades ofertadas polo concello.

- Efemérides concretadas en Claustro tales como: Día Internacional da Violencia de Xénero (25 de novembro), Día da Paz (30 de xaneiro), Semana da Prensa no colexio, Día do Libro (23 de Abril) e Día das Letras Galegas (17 de maio), estes e outros a maiores que poidan xurdir nas vindeiras reunións de ciclo.

- No caso de que a situación provocada pola COVID mellore, valorarase a posibilidade de realizar algunha das seguintes actividades:

- Saída ao cine a ver unha película educativa.
- Saída lúdica de fin de curso fóra do concello.

17. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias clave e obxectivos da etapa, por parte do alumnado.

Nome:

Curso:

	OBXECTIVOS	NON ACADADO	EN PROCESO	ACADADO
a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.			
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.			
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.			
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con			

	discapacidade nin por outros motivos.			
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.			
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.			
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.			
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.			
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.			
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.			

k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.			
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.			
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.			
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.			
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.			

	COMPETENCIAS CLAVE	NON ACADADO	EN PROCESO	ACADADO
1	Comunicación lingüística. CCL			
2	Competencia matemática e			

	competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CMCT			
3	Competencia dixital. CD			
4	Aprender a aprender. CAA			
5	Competencias sociais e cívicas. CSC			
6	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSIEE			
7	Conciencia e expresións culturais. CCEC			

18. Indicadores de logro para avaliar a propia programación e a práctica docente.

Ademais de avaliar a aprendizaxe do alumnado, tamén se avalía o proceso de ensino e a práctica docente, tal e como se recolle no artigo 8 da **Orde de 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria en Galicia.**

Un aspecto clave a avaliar é a temporalización dos estándares de aprendizaxe con respecto a cada unha das materias, que será revisada trimestralmente polos mestres tutores e adaptada e reformulada en función das circunstancias especiais que se poidan dar ao longo do curso.

Utilizaremos os seguintes instrumentos para avaliar a propia programación e a practica docentes:

Avaliación da Programación		
	Si	Non
Comprobamos a coherencia entre obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e avaliación.		

Xurdiu algún problema que non se previu?		
Resultou adecuado o material utilizado?		
Espertou o interese dos alumnos?		
Utilizáronse actividades adecuadas?		
As actividades espertaron o interese dos alumnos?		
A maior parte dos alumnos aprenderon o previsto de acordo aos obxectivos?		
	Explicación das observacións	
Como se resolveron os problemas que xurdiron?		
Que actividades causaron problemas?		
Que actividades conviría cambiar ou suprimir?		
Para o alumno, como foron as tarefas programadas?		

Ficha para avaliar o labor docente:

Avaliarase ao profesor de dúas formas: unha autoevaluación por parte do profesor a través dunha táboa ou lista de control e un cuestionario que se lle pasará ao alumno ao final do curso.

Lista de control ou autoevaluación	Si	Non	As veces
Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades segundo o previsto?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acordes cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			
Solucionáronse?			
Damos información ao longo de todo o proceso de E-A?			
Foi suficiente e eficaz?			
Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias e específicas?			
Tívoise a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

Enquisa para a avaliación do profesor	Si	Non	As veces
Explicouche as tarefas e para que se fan?			
Gustáronche as actividades propostos polo/a mestre/a?			

Valora positivamente o teu esforzo?			
O mestre estivo pendente nas sesións para axudarche e correxirche?			
Atopácheste motivado na práctica das actividades?			
O mestre tratoute igual que aos teus compañeiros?			
Informouche dos criterios de cualificación?			

19. Concrecións da participación dos pais, nais e titores/as legais no proceso educativo.

Intercambio de información, mediante diferentes soportes: entrevistas individuais, axenda, chamadas telefónicas,...entre os profesores e os pais, nais e titores sobre o desenvolvemento do proceso educativo, comentándolles as dificultades e os logros que van aparecendo no proceso de ensinanza-aprendizaxe e concretar actuacións de mellora entre todos.

20. Medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliados, as extratexias e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

O equipo docente é o encargado de establecer as canles de relación escola-familia, que aparecen recollidas no Proxecto Curricular do Centro.

A colaboración dos pais/nais na escola terá dúas vertentes:

- Participación e xestión dos centros educativos a través da ANPA e do Consello Escolar.

- Os pais/nais serán informados dos criterios de cualificación correspondentes ao nivel que cursa o seu fillo/a, poñendo a súa disposición a programación didáctica na páxina web do centro.

21. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

Os tiores traballaremos a través da plataforma Edixgal. Con este fin, está creada unha nova materia chamada Foro, que aparecerá xunto coas outras.

Na devandita materia, haberá dous apartados, un de AVISOS e outro de DÚBIDAS. No apartado de AVISOS irá aparecendo o traballo que deberán ir facendo, a modo de axenda. No apartado DÚBIDAS poderán realizar as preguntas que precisen, así como tamén o poderán facer mediante a mensaxería privada.

Trala experiencia do confinamento pasado, neste curso subirase o traballo organizado día a día e por materias de xeito semanal, para facilitar

unha mellor organización das familias. Deste xeito, o traballo axustarase mellor as diferentes realidades familiares.

No caso de semipresencialidade, publicaranse as tarefas a realizar de xeito diario na materia Foro. Así, o alumnado confinado poderá na medida posible, levar o ritmo da aula.

- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Todo o alumnado de 6º primaria conta cun ordenador cedido pola administración educativa, grazas ao proxecto Edixgal.

Os titores recadarán información de posibles incidencias e trasladarán os datos ao centro.

- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

O alumnado continuará o traballo a través da plataforma EVA, onde os titores poden ter acceso ás súas tarefas visualizándoas e corrixíndoas, se é o caso.

Os titores poderán comunicarse co seu alumnado pola mensaxería privada da plataforma, polo Foro e empregar o Abalar Móbil para a comunicación coas familias.

22. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas.

Nas primeiras semanas do curso realizarase un repaso xeral do curso anterior; establecendo unha base de coñecementos básicos para comezar a abordar a nova materia.

Os contidos non traballados no curso anterior iranse incorporando progresivamente nos distintos temas deste ano. Deste xeito, cando traballemos un contido, repasarase o básico e máis importante do curso anterior para conectalo cos contidos propios deste curso.

Para reforzar estas aprendizaxes valerémonos principalmente de: exposicións orais, resumos, mapas conceptuais, exercicios, vídeos...

23. Estándares e perfil competencial.

Lingua Castelá e literatura.

6º	6º-LCB1.1.1 - Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).
6º	6º-LCB1.1.2 - Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.
6º	6º-LCB1.1.3 - escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
6º	6º-LCB1.3.1 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
6º	6º-LCB1.3.3 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.
6º	6º-LCB1.4.2 - Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
6º	6º-LCB1.5.1 - Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
6º	6º-LCB1.9.3 - Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos

	pertinentes.
6º	6º-LCB2.2.1 - Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.
6º	6º-LCB2.5.5 - Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.
6º	6º-LCB2.7.1 - Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.
6º	6º-LCB2.8.2 - Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.
6º	6º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, .
6º	6º-LCB3.1.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
6º	6º-LCB3.4.2 - Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.
6º	6º-LCB3.4.3 - Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.
6º	6º-LCB3.5.1 - Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
6º	6º-LCB3.7.1 - Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.

Lingua Galega e literatura

6º	6º-LGB1.4.1 - Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
6º	6º-LGB1.4.3 - Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
6º	6º-LGB1.6.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
6º	6º-LGB1.6.4 - Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
6º	6º-LGB1.7.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
6º	6º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
6º	6º-LGB2.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.
6º	6º-LGB3.1.1 - Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.
6º	6º-LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
6º	6º-LGB3.1.4 - Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
6º	6º-LGB3.1.5 - Revisa e reescribe o texto cando é preciso.
6º	6º-LGB3.2.3 - Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
6º	6º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
6º	6º-LGB3.7.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
6º	6º-LGB4.4.1 - Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...
6º	6º-LGB5.6.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Matemáticas

6º	6º-MTB1.1.1 - Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
6º	6º-MTB1.4.2 - Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
6º	6º-MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
6º	6º-MTB2.2.1 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de

	posición de cada unha das súas cifras.
6º	6º-MTB2.4.1 - Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
6º	6º-MTB2.6.2 - Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
6º	6º-MTB2.6.3 - Realiza operacións con números decimais.
6º	6º-MTB2.6.4 - Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
6º	6º-MTB2.7.5 - . Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas
6º	6º-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
6º	6º-MTB3.2.3 - Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
6º	6º-MTB3.4.3 - Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
6º	6º-MTB3.5.1 - Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.
6º	6º-MTB4.1.4 - Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.
6º	6º-MTB4.2.1 - Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
6º	6º-MTB4.3.1 - Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
6º	6º-MTB4.4.1 - Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.
6º	6º-MTB4.4.2 - Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.
6º	6º-MTB4.6.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.
6º	6º-MTB4.6.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.
6º	6º-MTB5.2.1 - Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.
6º	6º-MTB5.2.2 - Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.
6º	6º-MTB5.2.3 - Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas
6º	6º-MTB5.2.4 - Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas
6º	6º-MTB5.5.1 - Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e

tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.

Ciencias da natureza

6º	6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
6º	6º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
6º	6º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
6º	6º-CNB1.1.2 - Expressa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
6º	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
6º	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
6º	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
6º	CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
6º	CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.
6º	CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
6º	CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
6º	CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
6º	CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
6º	CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
6º	CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

Ciencias Sociais

6º	6º-CSB1.10.1 - Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.
6º	6º-CSB1.5.2 - Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

6º	6º-CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
6º	CSB1.3.1. Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
6º	CCB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
6º	CSB1.7.1 - Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros
6º	CSB2.4.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
6º	CSB3.3.1. Describe as principais características da poboación española e europea.
6º	CSB3.9.1. Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.
6º	CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.
6º	6º-CSB4.4.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
6º	6º-CSB4.5.1 - Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

Valores Sociais e Cívicos

6º	6º-VSCB1.2.3 - Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.
6º	6º-VSCB1.2.4 - Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
6º	6º-VSCB1.3.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.
6º	6º-VSCB1.4.1 - Propón alternativas á resolución de problemas sociais.
6º	6º-VSCB1.6.1 - Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais
6º	6º-VSCB1.6.2 - Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas
6º	6º-VSCB2.1.3 - Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.
6º	6º-VSCB3.12.3 - Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.
6º	6º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
6º	6º-VSCB3.2.2 - Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.
6º	6º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.

6º	6º-VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.
6º	6º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos de modo construtivo.
6º	6º-VSCB3.4.4 - Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.
6º	6º-VSCB3.5.2 - Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.
6º	6º-VSCB3.8.3 - Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.
6º	6º-VSCB3.9.2 - Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.

Educación artística: Plástica.

6º	EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.
6º	EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
6º	EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
6º	EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
6º	EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.
6º	EPB2.2.1. Representa con claroescuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
6º	EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.
6º	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.
6º	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
6º	EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).
6º	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
6º	EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
6º	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
6º	EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.

6º	EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.
----	---

24. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A revisión da programación realizarase trimestralmente entre os titores de nivel tras obter os resultados das avaliacións. Levaranse a cabo as modificacións da programación oportunas, para que realmente resulten un instrumento útil no proceso de ensino e aprendizaxe, xa que a plantexamos máis como unha hipótese que hai que ir verificando e reconducindo que coma un plantexamento definitivo e xeneralizable para calquera situación de aprendizaxe.

Por norma xeral, ao final de cada trimestre, e ao finalizar o curso, podemos pasar o seguinte test, co cal poderemos realizar os cambios necesarios tendo en conta os resultados obtidos:

	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o nivel.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.				
Adecuación dos instrumentos de avaliación aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Os datos recollidos serán comentados na reunión de ciclo correspondente.